

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARIÑO

##### *Directrices sobre consulta previa obrigatoria*

Faise público, para xeral coñecemento, o acordo aprobado polo Pleno corporativo, na súa sesión ordinaria celebrada o 06/10/2017, sobre as directrices da consulta previa obrigatoria nos procedementos de elaboración e modificación das normas municipais:

(...)

#### ANEXO

**Directrices sobre a Consulta Pública previa no procedemento de elaboración e modificación das normas municipais do Concello de Cariño, así como a planificación normativa**

##### **I. Obxeto.**

As presentes Directrices teñen por obxeto incorporar a consulta pública previa no procedemento de elaboración e modificación das normas municipais, a aprobación do Plan Anual Normativo e a Evaluación Normativa posterior conforme ás obrigas legais establecidas no Título VI da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

##### **II. Directrices sobre a Consulta Pública previa no procedemento de elaboración e modificación das normas municipais.**

###### **A) Definición e obxectivo da consulta pública previa.**

Con carácter previo á redacción ou modificación dun texto normativo, se formulará unha consulta pública a través do enlace CariñoParticipa do portal web do Concello de Cariño ([www.concellodecarino.com](http://www.concellodecarino.com)) na que se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, nos termos establecidos no artigo 133 da LPAC.

###### **2.-Destinatarios.**

Os destinatarios da consulta pública serán as persoas físicas maiores de 16 anos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que poidan resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

###### **3.-Ámbito de aplicación.**

a) A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto do proxecto ou anteproxecto de ordenanza ou de modificación das existentes, que se prevexan someter a aprobación do Pleno da Corporación.

b) Quedarán excluídas do plan anual e do trámite de consulta pública previa as iniciativas para a aprobación e modificación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa. Igualmente poderá prescindirse daquela inclusión e do trámite de consulta pública previa nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

- Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.
- Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

###### **4.-Órgano competente, contido e prazo.**

a) Corresponde ó Alcalde, no exercicio da súa función de dirixir o goberno e a administración municipal (art. 21.1.a) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local –LRBRL–), ou no concelleiro/a no que teña delegado as súas atribucións por razón da materia, propoñer á Xunta de Goberno Local o sometemento a consulta pública das iniciativas normativas co seguinte contido mínimo:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma ou modificación proposta.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

b) A consulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión informada, para o cal:

- O órgano proponente elaborará unha descrición clara e concisa dos extremos obrigatorios sinalados na letra anterior, podendo engadir calquera outra información que considere relevante para a consulta
- Deberá identificar e facilitar, con enlaces dende a propia consulta na web do Concello, de forma clara e accesible, os documentos necesarios para reunir toda a información necesaria que permitan formar unha opinión informada e pronunciarse sobre a materia.
- Deberá proporcionarse un tempo suficiente que virá expresado na consulta e que en ningún caso será inferior a 15 días naturais, contado dende o día seguinte á súa publicación, xunto coa documentación anexa a que se refire o parágrafo anterior, no enlace CariñoParticipa do portal web do Concello.

#### **5.-Posta en funcionamento da consulta pública previa.**

a) O espacio CariñoParticipa do portal web [www.concellodecarino.com](http://www.concellodecarino.com) será o adicado a consulta pública previa no Concello de Cariño, figurará nun lugar visible e destacado para facilitar a participación pública, e nel se recollerá:

- Un listado das iniciativas normativas para as que esté aberto este trámite, con o título e a data en que remata o prazo da consulta.
- Contará cun listado dos proxectos normativos sometidos a consulta pública, tanto daqueles que teñan aberto o prazo, como daqueles outros para os que o prazo xa houbera rematado

b) Respecto de cada consulta:

- Figurará o acordo aprobado pola xunta de goberno conforme ós puntos 4.a e 4.b anteriores, non téndose por iniciado o trámite se non está dispoñible e accesible toda documentación ou información relativa a consulta según fora aprobada.
- Se abrirá un espazo para que os cidadáns e as organizacións manifesten a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

c) Unha vez transcurrido o prazo dunha consulta pública, o punto de acceso a ela no enlace CariñoParticipa do portal web cerrará a posibilidade de recibir novas opinións, sen perxuízo de que o contido siga estando dispoñible no portal web.

d) Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia, elaborarán unha memoria co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxestións emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación.

Este resumo formará parte da Memoria ou Preámbulo do proxecto de texto da norma que, no seu caso, se propoña aprobar ou modificar.

#### **6.-Datos persoais e comunicacións electrónicas.**

a) O portal web [www.concellodecarino.com](http://www.concellodecarino.com) disporá das medidas precisas para permitir identificar fidedignamente as persoas que interveñan na consulta pública previa, no espacio CariñoParticipa, nos termos da LPAC, así coma garantir a protección de datos persoais das persoas físicas conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.

#### **B) Plan normativo anual.**

- a) Correspóndelle á xunta de goberno local a impulsión do plan normativo anual para a súa elevación ao Pleno municipal.
- b) Conterá as iniciativas de rango regulamentario que estea previsto aprobar ao longo do exercicio seguinte.
- c) O plan normativo anual será elevado ao Pleno para a súa aprobación antes do 31 de outubro de cada ano natural.
- d) Unha vez aprobado, o Plan anual normativo publicaráse no Portal de Transparencia do Concello.

#### **C) Control posterior.**

No último mes de cada ano se iniciarán os traballos preparatorios conducentes á realización do Informe de Evaluación Normativa, onde se determinará o grao de cumprimento do plan anual normativo do ano en curso que remata, así como as iniciativas adoptadas que non estaban inicialmente incluídas no Plan.

- Grado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano en curso que finaliza.
- As iniciativas adoptadas que non estaban inicialmente incluídas no Plan.

A Xunta de Goberno Local, resolverá a compilación nun único texto do Informe de Evaluación Normativa posterior do ano que remata, do que se dará conta ao Pleno da Corporación, na parte de control do orde do día, antes do 31 de marzo do ano seguinte, e a continuación, se publicará no Portal da Transparencia do Concello de Cariño.

Cariño, 16 de novembro de 2017.

O alcalde

Asdo.: José M. Alonso Pumar

---

2017/9855